



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA PUBLICA A ALZA

PREGO DE CONDICIONS

CLAUSULA PRIMEIRA. Obxecto e Cualificación

Constitúe o obxecto do contrato o alleamento por este Concello do ben inmovible, de propiedade municipal situado na RUA FRAGA IRIBARNE nº3, deste Municipio.

Descrición de inmovible: VIVENDA UNIFAMILIAR E DEPENDENCIAS ANEXAS,

- a) Situación xeográfica: Referencia catastral 3306103PH1430N0001IY
- b) Superficies: Superficie total da parcela= 341,00 m²
Superficie total construída da vivenda 144,50 m²
Superficie total construída da vivenda 23,00 m²
- c) Lindeiros: Norte.- Zona Verde
Sur.- Rúa Fraga Iribarne
Este.- Casa nº5 da Rúa Fraga Iribarne
Oeste.- Casa nº1 da Rúa Fraga Iribarne

- d) Título de adquisición: DONACION
- e) Cargas ou gravames: NON EXISTEN

Que o devandito ben está inscrito no Rexistro da Propiedade de Chantada no Tomo 521, Libro 22, Folio 10, Alta 1, finca 8070.

O orzamento de valoración do inmovible aportado polo técnico municipal ascende a 287.976,25 euros.

O contrato definido ten a cualificación de contrato privado, tal e como establece o artigo 4 artigo 9 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CLAUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do alleamento será a poxa pública a alza, con posibilidade de presentar ofertas en sobre pechado.

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a un só criterio de adxudicación, que deberá ser necesariamente o do mellor prezo.

CLAUSULA TERCEIRA. O Perfil de Contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de contratante da páxina web oficial do Concello www.concellodeportomarin.es, e plataforma de contratación do Estado.

CLÁUSULA CUARTA. Tipo de Licitación

O tipo de licitación á alza é o de 287.976,25 euros.





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA PUBLICA A ALZA

O prezo resultante abonarase no prazo dos 10 días naturais seguintes mediante ingreso na conta do Concello, núm de conta 2080-0172-04-3110000011.

CLÁUSULA QUINTA. Capacidad

Poderán presentar ofertas, por si mesmas ou por medio de representantes, as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade para iso e que non se atopen incluídos nos supostos de prohibición recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CLAUSULA SEXTA. Organo de Contratación

Á vista do importe do contrato que ascende a 287.976,25 euros, o órgano competente para efectuar a presente contratación e tramitar o expediente, de conformidade coa Lei de Contratos do Sector Público, será a Xunta de Goberno Local (competencia delegado por o Pleno) xa que o valor de alleamento supera o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento. Non sendo preciso autorización previa da Comunidade Autónoma a non acadar o 25 % dos recursos ordinarios, en caso de que o prezo final acadará o 25 % a adxudicación estará condicionada a autorización da Comunidade Autónoma.

CLAUSULA SETIMA. Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibicións para contratar.

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

- a) En canto a **persoas físicas**, mediante a fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
- b) En canto a **persoas xurídicas**, mediante a fotocopia compulsada do CIF e a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

CLAUSULA OITAVA. Presentación de Ofertas e Documentación Administrativa

As ofertas presentaranse no Concello de Portomarin Praza do Camiño s/n, en horario de atención ao público, dentro do prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da última publicación do anuncio de licitación na plataforma de contratación do Estado, taboleiro de anuncios do Concello e no Perfil de Contratante da páxina web do concello.

As ofertas poderán presentarse en calquera dos lugares establecidos na Lei do Procedemento Administrativo Común e das Administracións Públicas.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta nin poderá simultanear oferta en sobre pechado e presencial. A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA PUBLICA A ALZA

As ofertas para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda “**Oferta para licitar o alleamento do ben inmovible propiedade do Concello de Portomarín e cualificado como ben patrimonial, situado na rúa Fraga Iribarne nº3, deste Municipio**”. A denominación de dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: **Documentación Administrativa.**
- Sobre «B»: **Oferta Económica.**

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

SOBRE «A» DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

1) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

2) Documentos que acrediten a representación.

- Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, acreditarán a representación co correspondente poder notarial.

- Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

- Igualmente a persoa con poder verificado de suficiencia a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

3) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

- Declaración responsable de non ter solicitado ou estar en concurso, nin insolvente en calquer procedemento, nin estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitado conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, e de non incurrir en ningunha situación de incompatibilidade segundo a normativa específica aplicable. Adxúntase modelo no anexo I.

- O Concello fixa unha garantía provisional do 5 % (14.398,81 €) da valoración do inmovible, cantidade que deberá ser ingresada no seguinte núm de conta 2080-0172-04-311000011.

- Deberase incluír dentro do sobre A ó xustificante bancario do ingreso efectuado.

SOBRE «B»





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA PUBLICA A ALZA

OFERTA ECONÓMICA

- Oferta económica.

Presentáranse segundo modelo adxunto no anexo II.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA POXA DE FORMA PRESENCIAL.

O interesado que desexe participar de forma presencial na poxa, deberá presentar no prazo sinalado anteriormente a documentación esixida na cláusula oitava (Unicamente Sobre «A»: Documentación Administrativa), na que asimismo, indicará que opta por a **poxa de forma presencial**.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA POXA CON PROPOSICIÓN ECONOMICA EN SOBRE PECHADO.

O interesado que desexe participar na poxa con proposición en sobre pechado, presentarán no prazo sinalado anteriormente a documentación esixida na cláusula oitava. (Sobre «A»: Documentación Administrativa e Sobre «B»: Oferta Económica).

Non poderán participar na poxa os que non acreditasen o cumprimento dos requisitos anteriores.

CLAUSULA NOVENA. Mesa de Contratación

De conformidade co punto 7 da Disposición adicional segunda da LCSP, a mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

A composición da Mesa de contratación publicarase no Perfil de Contratante cunha antelación mínima de dous días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140.1 da LCSP.

CLÁUSULA DÉCIMA. Apertura de Ofertas e Desenvolvemento da poxa

A Mesa de Contratación constituirase o seguinte día hábil as 12 horas (en caso de coincidir a sábado esta trasladase o luns seguinte) ao de finalización do prazo de recepción das ofertas en acto público, publicarase o día, hora e lugar no taboleiro de anuncios do Concello e no Perfil de Contratante da páxina web do concello.





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA PUBLICA A ALZA

Seguidamente, o Secretario da Mesa procederá a abrir tódolos sobres das proposicións (sobres A) que se recibisen, e a Mesa examinará e avaliará a documentación administrativa esixida para participar na poxa.

Rematada a cualificación, o Presidente da Mesa advertirá os licitadores presentes na Sala da existencia ou non de poxas en sobre pechado e dos licitadores que optaron por a poxa de forma presencial.

Inmediatamente despois abrírase o prazo para a formulación das poxas dos licitadores que opten pola modalidade presencial, iniciándose a admisión de posturas que vaian mellorando o tipo de saída, ata o seu remate a favor do licitador que efectúe a máis alta. O incremento mínimo de cada postura respecto da anterior será alomenos de 1.000,00 €.

Finalizadas as poxas, procederase, se é o caso, á apertura dos sobres que conteñan as ofertas económicas. Se algunha das formuladas por esta vía superase a máis alta ofrecida a man alzada, abrírase nova poxa entre os presentes, declarándose mellor rematante ao licitador que ofertara a postura máis elevada. Se se producise un empate entre as mellores ofertas presentadas exclusivamente en sobre pechado, a adxudicación recaerá sobre o que primeiro tivese presentado a súa oferta, para o cal se atenderá á data de entrada no Rexistro oficial.

Non se pode facer o remate en calidade de ceder a terceiros.

CLAUSULA UNDECIMA. Requirimento de Documentación

Á vista da valoración das ofertas, a Mesa de Contratación proporá ao licitador que presentase a mellor oferta.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a mellor oferta para que, dentro do prazo de dez días, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento, presente documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Pago

O pago realizarase previa ou simultaneamente á sinatura do contrato, mediante transferencia bancaria á seguinte conta 2080-0172-04-3110000011 ou ben mediante cheque bancario.

CLAUSULA DECIMO TERCEIRA. Adxudicación do Contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos TRES días seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* e no perfil do contratante en na páxina web do Concello.





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA PUBLICA A ALZA

CLAUSULA DECIMO QUINTA. Formalización do Contrato e Gastos

Deberáse producir a formalización do contrato en escritura pública.

Tódolos gastos derivados da presente contratación serán con cargo ao adxudicatario.

CLAUSULA DECIMO SEXTA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter privado, a súa preparación e adxudicación rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; os principios extraídos da lexislación contida na Lei de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexeráse polas Normas de Dereito privado.

A orde xurisdicional contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdicional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato.

Asinado electrónicamente ao marxe do documento

O Alcalde,





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA PUBLICA A ALZA

ANEXO I. Declaración responsable

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO NA PROHIBICIÓN DO ARTIGO 95.2 DO DECRETO 1373/2009, DE 28 DE AGOSTO, E DE NON INCURRIR EN SITUACIÓN ALGUNHA DE INCOMPATIBILIDADE

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n. _____, con DNI n. _____, actuando en nome propio ou en representación da Entidade _____ con CIF n. _____, e domicilio social en _____, r/ _____, n. _____.

Declaro que coñezo as condicións que rexen a poxa pública con poxas á alza e con posibilidade de presentar ofertas económicas en sobre pechado, que convocada por o Concello de Porotmarin.

Así mesmo, declaro baixo a miña responsabilidade que non solicitei ou estou declarado en concurso, nin fun declarado insolvente en calquera procedemento, nin estou suxeito a intervención xudicial, nin fun inhabilitado, conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal.

Tampouco me encontro incurso en ningunha situación de incompatibilidade segundo a normativa específica aplicable.

Asi mesmo manifestó que concurro ao citada proceso na modalidade de:

- PRESENCIAL
 SOBRE PECHADO

E achego a documentación que se di na clausula oitava.

En Portomarín , a _____ de _____ de 2023

Sinatura do licitador,

Asdo.: _____.





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA PUBLICA A ALZA

ANEXO II. SOBRE «B». Oferta económica.

PRESENTACION DE OFERTA ECONOMICA EN SOBRE PECHADO. SOBRE “B”.

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n. _____, con DNI n. _____, actuando en nome propio ou en representación da Entidade _____ con CIF n. _____, e domicilio social en _____, r/ _____, n. _____.

Decatado do expediente para o alleamento do ben inmovible , situado na r/ _____ , número _____ , deste Municipio, para destinalo a _____, mediante poxa, anunciado no Boletín Oficial da Provincia n. _____ , de data _____ , e no Perfil de Contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros

En Portomarín , a ____ de ____ de 2023

Sinatura do licitador,

Asdo.: _____.

